

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	4 de marzo de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 20:36 ata as 22:37 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretaría</b>	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470783D	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
44089250K	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
34898999H	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
44091707V	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
76871323X	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
44455084V	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
44093720Y	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

### Concello da Estrada





52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76865922Z	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
30229121Z	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
76864061Q	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE FEBREIRO DE 2021

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de febreiro de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### Expediente 768/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN Á DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA - ORAL DA FASE INSTRUTORA DO PROCEDIMENTO SANCIONADOR NAS MULTAS DE TRÁFICO.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen traslada que estamos ante a proposta de delegación da fase instrutora das sancións por tráfico ao ORAL, ao abeiro da formalización dun Convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, cumprimentando así a delegación xa feita da recadación voluntaria e executiva. Di que se asume a delegación que se fai á Deputación, simplemente matízase que, con posterioridade ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, a Deputación comunicou a necesidade de retocar o texto dos acordos que se vaian a adoptar, comunicado que xa se lle trasladou aos demais grupos políticos; polo que

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQSP2PSJY79WXS46W5 | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 30



ditas correccións se aplicarán ao que se acorde nesta sesión.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, trasladando a súa conformidade co texto definitivo dos acordos a adoptar e enviado pola Deputación, xa que é necesario para que se produza esta delegación de competencias; ademais, tamén está de acordo do fondo da proposta, aínda que o escenario ideal sería que o Concello contara con persoal para xestionar estes procedementos así como outros asuntos con certa eficacia, pero vista a situación entende que a solución máis acada é ceder a xestión ao ORAL.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen manifesta estar a favor desta cesión de competencias, aínda que non é moi proclive a ceder funcións municipais a outras entidades administrativas, sen embargo e debido á situación existente, esta delegación é o máis beneficio para o Concello.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que o seu grupo votará a favor da presente proposta.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta previa do Concelleiro delegado de Facenda de data 18/02/2021 para delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL a fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico.

Visto que no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, se atribúe aos entes locais determinadas facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tanto de tributos propios como dos restantes ingresos de dereito público e, ao mesmo tempo, se permite a súa delegación noutras entidades locais en cuxo territorio estean integradas.

Dado que a complexidade da realización destas tarefas e a súa relevancia dentro do máis amplo ámbito da Facenda Local aconsellan utilizar fórmulas que permitan un eficaz e adecuado exercicio das facultades mencionadas, dentro dos sistemas que para este fin prevé a lexislación local aplicable.

Tendo en conta que dende o 1 de xaneiro de 1994 a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do ORAL (o seu órgano de xestión tributaria e catastral), exerce as facultades delegadas cunha eficacia en aumento progresivo ao longo dos anos, tal e como o entendeu a inmensa maioría dos concellos da provincia que xa delegaron ou veñen ampliando as delegacións efectuadas a novos ingresos públicos municipais.

Visto o informe emitido pola Sra. Tesoureira accidental con data 18/02/2021, coa fiscalización previa limitada de requisitos básicos por parte da Intervención municipal.





Visto o informe de Secretaría de data 23/02/2021.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o 25/02/2021.

Visto que, con data 26/02/2021, a Deputación Provincial de Pontevedra remite modelo de acordo do pleno relativo a este Concello segundo o acordo da sesión de traballo que tivo lugar o 23/02/2021, indicando unha serie de modificacións ao modelo de acordo remitido con anterioridade e que foi recollido no Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de 25/02/2021.

### **ACORDAMOS:**

#### **Primeiro.- OBXECTO DO ACORDO:**

Ao abeiro co vixente Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico del ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, publicado no BOPP nº 20, de 30 de xaneiro de 2020, conforme co disposto nos artigos 84.2 e 4 da Lei de Tráfico de 2015 (Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial) e o artigo 15.3 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, constitúe obxecto deste acordo a Delegación na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL das facultades de:

- As competencias propias da fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico.

A presente delegación ven a complementar a acordada por este Pleno en data 01 de decembro de 2012 e 12 de xaneiro de 2012 e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data 27 de xaneiro de 2012 e que tiña por obxecto a delegación da recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico e a colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio. Quedando deste xeito delegadas as facultades de xestión integral das multas de tráfico na Deputación de Pontevedra-ORAL.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 3 do Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico del ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra:

*“O órgano instrutor dos procedementos, por delegación da competencia de instrución, será a Unidade de Sancións de tráfico do ORAL (USTO), actuando como instrutor xefe o funcionario que ao efecto designe a Deputación de Pontevedra”.*

#### **Segundo.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS:**

As condicións económicas serán as contidas no acordo de delegación á que este complementa e que se especifica no apartado anterior.

#### **Terceiro.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA:**

Esta delegación terá a mesma vixencia que a mencionada no apartado primeiro, á que complementa, acordada por este Pleno en data data 01 de decembro de 2012

### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQ52P5SJT9WXS46W5 | Corrección: https://eestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 30



e 12 de xaneiro de 2012 e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data 27 de xaneiro de 2021.

O contido deste acordo, unha vez aceptado polo Pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o día seguinte a súa preceptiva publicación Diario Oficial de Galicia.

**Cuarto.- FACULTADES DA ALCALDÍA:**

Finalmente, autorízase ou facúltase ao Sr. Alcalde para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo, incluíndo, no seu caso, as modificación dos convenios que foran asinados anteriormente.

**Expediente 815/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA POLA QUE PROPÓN A SOLICITUDE DE TALLER DUAL DE EMPREGO E PROGRAMA DUAL DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS 2021-2022**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9

En contra: 12

Abstencións: 0

Por tratarse dun asunto que ten como inicio unha moción do grupo do Partido Socialista, concédeselle a palabra ao seu voceiro, **D. Luís López Bueno**, quen da conta da moción presentada polo seu grupo con data 22/02/2021 (2021-E-RCIF-1) e que se transcribe literalmente de seguido:

*“Os días 2 e 3 de febreiro do ano en curso publicáronse no Diario Oficial de Galicia as convocatorias para os Talleres Duais de Emprego e Programas Duais de Emprego para persoas mozas (Ref. TR353A e TR353B).*

*É coñecido que a pesar da crise, o sector do moble goza de boa saúde. Existe carga de traballo para as fábricas estradenses e todas atopan como principal problema a falta de persoal cualificado.*

*Ademais diso, o nivel de desemprego na Estrada aumentou nun 9,6 % dende xaneiro de 2020 a xaneiro de 2021, cun total de paro rexistrado de 1.279 persoas.*

*A escaseza de persoal na industria do moble supón unha ameaza á competitividade das nosas empresas, e correspóndelle ao concello xerar condicións para que industria local atope os perfís profesionais que se adaptan ás súas necesidades.*

*A esta necesidade de forza de traballo únese a disposición das empresas a contratar traballadores con certa formación na industria do moble. Os obradoiros de emprego poden resultar moi útiles á hora de formar os traballadores necesarios.*

*É fundamental que a industria do moble local se implique na elaboración do programa formativo e facilite a súa execución. Dese xeito os integrantes do obradoiro coñecerán a tecnoloxía e o funcionamento da industria do moble local, e adquirirán as competencias que*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQ52P3SJT9WXS46W5 | Corrección: https://eestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 30



*demanda o sector.*

- *Convocatoria Talleres Duais de Emprego*
- *Convocatoria Programas Duais de Emprego para persoas mozas*
- *Formacións madeira*

*Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que se adopten os seguintes ACORDOS:*

*Primeiro.- Solicitar os programas TR353A e TR353B conforme ás convocatorias publicadas no DOG.*

*Segundo.- Solicitar para ambos os obradoiros as liñas de Traballo de carpintería e moble e Instalación de elementos de carpintería.*

*Terceiro.- Incluír no plan formativo actividades en empresas do sector da madeira e o moble da Estrada.”*

Continúa o Sr. López Bueno pedindo que, a pesares que na Comisión Informativa esta moción foi rexeitada, o grupo de goberno reconsidere pedir os dous obradoiros porque as dúas liñas de axuda son irmáns, teñen unha tramitación moi semellante e existe na Estrada a capacidade suficiente para asumir os 36 alumnos que suman ambos os dous talleres.

O Concelleiro delegado de Promoción Económica, **D. Óscar Durán Barros**, aclara, como xa fixo na sesión da Comisión Informativa, que non se está en contra dos obradoiros, senón que dende fai máis dun mes iniciouse o procedemento para a súa solicitude, de feito xa se elaborou un proxecto e un programa de acordo co requirido pola Xunta de Galicia. No que se refire a pedir os dous obradoiros, di que non é posible pola limitación dos espazos existentes para o seu desenvolvemento, os proxectos elaborados só permiten optar a un so plan e os recursos tamén son limitados. Polo dito, traslada que está presentada a solicitude dun obradoiro para os módulos de carpintería e forestal, considerando o seu grupo que é a mellor maneira de presentalo.

Intervén a voceira do grupo de Móvet, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que o seu grupo está a favor da proposta do grupo socialista por considerar que a formación en profesións e oficios é unha alternativa laboral para os nosos mozos e mozas e tamén para persoas desempregadas; en concreto, en relación á proposta do obradoiro de carpintería e madeira do grupo socialista, di que lle parece moi ben, pero non se debería limitar a estes módulos, senón que hai outros sectores importantes, tales como o da agricultura ecolóxica e a transformación de produtos agrarios; ademais fai fincapé que o obxectivo destes obradoiros son a formación de persoas en profesións que poden ser unha alternativa laboral, xa que moitas veces despistámonos e pensamos nos obradoiros para facer obras municipais e sempre debemos de ter claro que estes deben de formar á xente de cara a obtención de postos de traballo futuros.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, para dicir que para o seu grupo os obradoiros son interesantes por ofrecer formación a todas aquelas persoas que por diversas causas non teñen acceso a estudos e así poder optar ao mundo laboral; por outra banda, lle parece interesante que haxa un tanto por cento que se adicaría á formación de xente nova, porque de todos e sabido que están a ter problemas á hora de atopar emprego, ademais de que se adiviñan como futuros emigrantes cando estamos a necesitar fixar poboación, e, polo dito, vai a





votar a favor da moción.

Volve a intervir o **Sr. López Bueno** para lembrar que, no seu momento, criticouse a falta desta ferramenta neste Concello, entón lle parece lóxico que unha vez que saíron as convocatorias o grupo de goberno se puxera a traballar, o que o agradece por esas persoas que están en situación de desemprego, pero non deixa de ser unha contradición, xa que nunha anterior sesión plenaria un membro do grupo de goberno dixo que non cría no modelo dos obradoiros de emprego, ademais esa mesma persoa dixo que en política era moi importante a coherencia, sen embargo, aínda que esta coherencia é moi importante, tamén é unha contradición tendo en conta a maneira que ten o grupo de goberno de actuar hoxe, xa que esta dista moito da coherencia e do modo de optar ao obradoiro e ter as ferramentas que pode utilizar este Concello en sede de emprego.

Facendo referencia ao comentado polo Concelleiro de Promoción Económica sobre que o Concello non ten medios para asumir os dous programas de Obradoiro, pero o seu grupo pensa que si porque as instalacións serían suficientes, xa que estamos a falar de 36 persoas como máximo, polo que poderíanse adoptar todas as medidas de seguridade que obriga a pandemia e, en todo caso, se fora necesario habilitar máis instalacións, o Concello conta con instalacións suficientemente amplas para elo; polo tanto considera que medios os hai, pensando entón que o goberno carece de iniciativa.

Así mesmo, pensa que o que fixo o grupo de goberno é un sen sentido, porque só é solicitar o Obradoiro para menores de 25 anos e ademais esa liña de axuda conta cunha partida bastante menor que os Obradoiros ordinarios; por outra banda, solicitar unha parte forestal pode ser un acerto ou pode ser un risco, porque dentro do proxecto ten unha liña separada, o que pode provocar que haxa máis solicitudes que prazas dispoñibles. Ademais, considera que é un sen sentido solicitar un Obradoiro para menores de 25 anos cando no Obradoiro ordinario tamén entran os dese parámetro de idade, contando que na Estrada temos ao redor de 50 persoas menores de 25 anos en situación de desemprego, vendo complicado que, polos seus perfís profesionais, vaian a solicitar a entrada nestes Obradoiros de Emprego.

Continúa dicindo que, carecendo o grupo de goberno desa vontade e coherencia que se precisa para a planificación de emprego, lamenta a súa postura e que no atendan ao que se solicitaba na moción, esperando que o programa que se vai a solicitar se cubra ao cento por cen e mellore o perfil profesional desas hipotéticas 16 persoas que poidan entrar nesas liñas formativas.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para responder ás manifestacións ditas polo Sr. López Bueno, a este respecto di que a coherencia é moi relativa, é a que cada un se asigna a si mesmo, coherencia é o que dixo o voceiro socialista no debate dos orzamentos sobre que este Concello non tiña capacidade para pedir o Obradoiro e sen embargo o acabamos de pedir, iso é coherencia política. Aclara que, aínda que este grupo de goberno non é un firme defensor dos Obradoiros de Emprego, tal e como el mesmo o manifestou publicamente, por considerar que non é a ferramenta ideal para promover emprego, o solicitou sempre, de feito fixéronse durante o seu mandato sete obradoiros consecutivos, polo que as súas manifestacións son con coñecemento de causa, di tamén que cría non modelo de Plan Integrado e de feito este ano vai a facerse directamente dende a Fundación Cultural. Polo manifestado, o feito de que un socialista lle fale de promoción de emprego lle da a risa, cando estes son os reis do desemprego con catro millóns de parados e en ERTE, un goberno central nefasto; ademais, o grupo municipal socialista ten pouca capacidade de xestión, e aquí estamos a facer un esforzo importante en materia de







asesoramento e emprendemento, grazas a esa oficina de asesoramento de emprego e esas axudas aos emprendedores, contando tamén cos obradoiros feitos, os Plans Integrados (con máis dun millón de euros), o esforzo municipal para poñer en marcha ese plan de formación, pero hai que ter en conta que o Concello da Estrada non ten competencias propias en materia de emprego.

En relación á inserción laboral, cando se fala de Obradoiros de Emprego que sexan útiles para a formación de persoas e que realmente poidan aprender un oficio, temos que intentar buscar unha alternativa laboral para os menores de 25 anos, porque estes obradoiros son ideais para maiores de 50 anos, pero realmente non se acada o obxectivo final e que é buscar ese certificado de profesionalidade e acadar unha alternativa laboral para aquelas persoas con situacións complexas para acceder ao mercado laboral. Di que, ademais, discrepa totalmente co manifestado polo voceiro socialista e voceira de Móvete, porque temos uns ciclos da madeira, do moble, montaxe e instalacións de carpintería, e temos que centrarnos para que funcionen; polo tanto o esforzo ten que centrarse en acadar unha formación profesional e o sector da madeira necesita profesionais e non un certificado que acredite unha profesionalidade que, ao mellor, non ten a capacidade para desempeñar eses traballos nunha fábrica; polo tanto temos que apostar polos ciclos da madeira e potenciar o traballo que está a facer o IES Antón Losada Diéguez; e, calquera outra alternativa que non teña encaixe nesta profesionalidade da madeira non ten sentido na xestión municipal, porque temos que buscar esa converxencia entre os intereses municipais e os intereses do sector, e este último pídenos que apostemos por unhas instalacións dignas e por un módulo específico da madeira no IES Antón Losada para que os ciclos medio e superior poidan desenvolverse nunhas condicións adecuadas, pero o que propón o voceiro socialista é unha chapuza, porque ao final non resolve o problema de fondo que ten o sector, polo que hai que asumir a realidade e el a asume, de feito esta semana falou co Conselleiro de Educación para premer que a Consellería asuma a construción dese novo módulo que permitiría desenvolver os ciclos medio e superior da madeira e tamén o desenvolvemento da formación dual no Antón Losada, sendo este o obxectivo deste grupo de goberno, a partir de aí os Obradoiros de Emprego teñen outra finalidade.

Continúa dicindo que entende que para o grupo socialista sexa o tema dos Obradoiros de Emprego un titular estupendo para o fin de semana e que pode soar moi entretido para a poboación, pero para os que defenden a calidade do ensino público non é o sistema máis adecuado e, ao final, o Obradoiro de Emprego non arranxa nin da solucións ás necesidades de emprego que temos na actualidade.

Dirixíndose ao Sr. López Bueno, di que non sabe se se reuniu co sector, porque só sabe presentar mocións e dar titulares, pero o que hai que facer é loitar conxuntamente para que a Xunta de Galicia faga unha educación regrada e unha formación adecuada para que o sector da madeira poida nutrirse de traballadores ben formados, e ese é o obxectivo do grupo de goberno e polo que se seguirá loitando, e non tapar esta necesidade cun Obradoiro de Emprego.

Polo manifestado, considera que o proposto na moción do grupo socialista non é unha solución ás necesidades do sector da madeira, senón unha solución mediocre e a curto prazo; polo tanto o proxecto que se presente para o obradoiro solicitado é o arranxo da zona recreativa da praia fluvial, un proxecto atractivo para a nosa veciñanza, ao igual que, no seu momento, os obradoiros fixeron a Casa das Letras, o Centro de Emerxencias e o Conservatorio de Música, obras importantes e que hoxe son unha referencia, e que uniron a importancia destes proxectos coa formación.

Continúa dicindo que, aínda que dende un principio a oposición criticou todo o relativo coa

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQ52P3SJT9WXS46W5 | Corrección: <https://aeistrada.sectorelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 30





Praia Fluvial, para o grupo de goberno é unha zona que pode ter un atractivo turístico importante e por iso quérese potenciar, neste senso o Obradoiro forestal xunto co Obradoiro de carpintería pode darlle unha dimensión importante a esta contorna, por iso pedimos estes Obradoiros mediante a presentación deste proxecto e vamos a loitar por conseguilo e ofrecer tamén unha certa formación para os menores de 25 anos; en canto aos maiores de 50 anos vamos facer un plan de emprego integral e buscar outras alternativas para estas persoas, e deste xeito poñer solución e remedio á desfeita que está a facer o goberno central en materia de emprego, non podendo culpar á pandemia, porque noutras lexislaturas do Partido Socialista o paro sempre foi desmedido, como por exemplo no ano 2008 en que España estaba á cabeza do desemprego a nivel europeo, o que deixa claro que ao partido socialista lle preocupa máis outras cuestións e, a administración local, ten que compensar na medida do posible estas desfeitas do goberno central. Tamén quere dicir que o feito que veña un socialista a dar leccións de emprego a un do Partido Popular é irrisorio, llo admite ao voceiro do grupo municipal socialista, porque estamos nun debate político, pero tan só hai que ver as gráficas e a evolución do emprego, para observar o índice de desemprego que hai cando gobernan os socialistas; polo dito lle pide ao voceiro socialista que deixe gobernar e tomar decisións a quen o sabe facer e non se poñan colorados cando minten sobre a xestión dun goberno e, ao final, este lle da a volta e demostra que non son certos os seus malos augurios.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que cando chegou ao goberno da Estrada esta contaba con máis de 2.000 parados e, a día de hoxe, temos 1.280.....

#### **(intervencións varias e protestas que non se aprecian no audio)**

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que non se inventa os datos e grazas ao desenvolvemento de catro Plan Integrais de Emprego, seis Obradoiros de Emprego, apoios a emprendedores e Viveiro de Empresas, o paro foi baixando a pesares de que non temos competencia en política social, algo que ningún goberno local había feito antes. Di que, na peor situación e co peor goberno central, este grupo municipal vai a facer todo o necesario para intentar compensar as desfeitas a nivel de xestión do goberno español e que estanos a levar á deriva absoluta e a unha situación dramática para miles de persoas, augurando un ano 2021 terrible para moitas familias, sendo necesario aplicar políticas efectivas, no valendo de nada unha moción do grupo socialista de cara á galería, non estando preparados para xestionar unha situación como esta por falta de capacidade, polo tanto temos que intentar buscar alternativas, tal como esta do Obradoiro de Emprego para menores de 25 anos, onde cre firmemente no seu proxecto e na capacidade deste grupo de goberno para quitalo adiante.

Pide a palabra o **Sr. López Bueno**, voceiro do grupo socialista, para dicir que a falta de coherencia coa que se lle achaca neste tema en concreto non é certo, sen embargo si se observa a falta de coherencia do Sr. Alcalde cando afirmou que non cre no modelo de Obradoiro de Emprego e, sen embargo, o solicita.

En canto ao Plan Integrado de Emprego, di que se vai a facer con cargo a fondos EDUSI cando podería vir financiado pola Xunta de Galicia e que daría 100 prazas en lugar das trinta e pico que dicía na súa intervención o Sr. Alcalde, e lamentablemente vamos a usar fondos que poderían ir destinados a outras actuacións; polo que considera que non pode o grupo de goberno arroxarse ningún mérito por esta xestión; por outra banda, considera que o Sr. Alcalde se

### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQ52P3SJT9WXS46W5 | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 30



equivoca cando dí que a ferramenta máis acada é o Plan Integrado de Emprego para maiores de 50 anos, pensando que sería mellor o certificado de profesionalidade que lle outorga o Obradoiro de Emprego e destinar ese Plan Integrado para as persoas que están a entrar agora no mundo laboral, por esa razón considera que o grupo de goberno se está equivocar coa súa análise.

En canto ao dito sobre a necesidade de apostar pola formación profesional na madeira, aclara que en ningún momento dixo o contrario, considerando que o Sr. Alcalde quitou este tema para contar unha película totalmente distinta do obxecto da moción que se está a tratar (obradoiro de emprego), porque falou do paro, do goberno central, das competencias co concello, etc, pero sobre o fondo da moción non dixo nada e por que se solicitan aos menores de 25 anos, sendo incapaz de contradicir a súa valoración, porque o Obradoiro ordinario da cabida aos menores de 25 e aos maiores de 50 ou igual, ademais de ofrecer máis prazas, o que pode indicar que non ter moita idea do que está a falar, cando debería de ter un coñecemento mínimo sobre os Obradoiros de Emprego.

En canto ao obxecto da moción, os Obradoiros, o Sr. Alcalde dicía que ten que conxugar os obxectivos municipais cos obxectivos da formación, ante isto pide unha explicación sobre cal vai a ser o proxecto para o Obradoiro Forestal.

Dí que tamén o Sr. Alcalde falou de educación e a este respecto afirma que aos do seu grupo político lles interesa máis a concertada e así se manifestan en plena pandemia para a súa defensa,

Contestando ao que dixo o Sr. Alcalde sobre si fala ou non co sector da madeira, quere informarlle que está moi en contacto e lle trasladan as súas inquedanzas, pero o Sr. Alcalde quere disfrazar a falla de argumentos en lembrarlle que dixo que o obradoiro é unha solución milagre, é iso non é certo, porque considera que non é unha solución para o sector da madeira en ningún sentido e nunca defendeu esa afirmación, senón que estabamos ante un ferramenta máis para resolver o problema que temos nestes momentos no sector mo moble da Estrada; pero está de acordo e ten o apoio do seu grupo para acadar mellor instalacións e condicións para os grados que se desenvolven no IES Antón Losada; pero iso non é motivo de tachar a moción que se está tratar como bonita de cara a galería, senón que ofrece solucións.

Polo anterior, agradecería ao Sr. Alcalde que se cinguira ao obxecto do debate e as exposicións do resto dos grupos sen intentar darlle volta a este tipo de cuestións e regular ben os debates nesta sesión.

Tamén lle pide ao Sr. Alcalde que centre o debate, non falando do paro rexistrado, da xestión do goberno central, porque estamos ante unha situación de pandemia que incide negativamente no emprego, pero afortunadamente temos un goberno socialista que non recorta as prestacións sociais e facilitou os ERTES dende un principio. Prégalle así mesmo, que trate o tema coa delicadeza que precisa, porque hai moitas familias que o están a pasar moi mal, moitas persoas que están morrendo, e este ano 2021 vai a ser peor. Tamén quere lembrar qu,e cando o Partido Popular colleu o goberno na década anterior, pasaron dun 21% de paro a un 27% e cunha recuperación económica despois da crise da máis lenta de Europa.

En relación ao dito polo Sr. Alcalde sobre os malos augurios do voceiro socialista, este último lembra que cando o seu grupo pediu as bonificacións no IBI o Concelleiro D. Alberto Blanco Carracedo publicou na prensa e na radio que a nosa proposta era ilegal, sen embargo despois tivo que dar marcha a atrás; cando se lle pediu á Concelleira Amalia Goldar as bonificacións para os segundos fillos e sucesivos, esta manifestou publicamente que non tiña nin idea do que

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQ52P3SJT9WXS46W5 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 30



proponía, tamén ao final deu marcha atrás. Polos exemplos expostos, vese que os seus cálculos non van mal, e xa veremos para o ano, cando se faga a Liquidación do Orzamento deste ano, cantas modificacións tiveron que facer e que lle dará a razón cando dixo nos debates do Orzamento que a cantidade destinada a Obradoiros de Emprego era insuficiente.

Por último, non quere entrar en máis debate, considerando, pola súa parte, suficientemente debatida esta cuestión.

Volve a intervir o **Sr. Alcalde** aclarando que cando falou do Plan Integrado de Emprego no fixo referencia ao número de prazas, senón que foi cando se referiu ao Plan Municipal de Emprego, así que este último comprende 22 prazas, o Obradoiro de Emprego 16 e o Plan Integrado serán as prazas ás que sexamos capaces de darlle formación, sendo estes os tres proxectos aos que estamos intentando poñer en marcha.

En canto ao proxecto do Obradoiro, na súa anterior intervención explicou perfectamente en que consistía, polo que non entende porque o voceiro socialista di que non, pero non lle importar explicar novamente que se trata de reformar a praia fluvial e a súa contorna (a praia, a carballeira, xardíns e zona de xogos, non inclúe a cafetería) proxecto que xa está presentado e conta con informe favorable de Augas de Galicia.

En canto ao que dixo o Sr. López Bueno sobre que grazas á xestión do Partido Socialista os ERTES non foron ERES, lle da a risa, porque a reforma laboral aprobada polo PP que pretenden derogar é a que permite que se apliquen os ERTES e que é a que está a salvar a situación de miles de traballadores nestes momentos, pedindo ao voceiro socialista que antes de falar se documente un pouco.

Por outra banda, o feito que que o Sr. López Bueno veña aquí a facer augurios..., porque tamén sabe facer contas, e sabe cales serán as consecuencias económicas cando se aplican bonificacións, pero o problema é saber xestionar o como asumilas. Di que o que pasa é que o Sr. López Bueno fala dende fóra da administración, sen saber cal é a problemática, as capacidades e os procedementos nunha xestión de calquera tipo.

Finalmente agradece as súas críticas e consellos, e que non caen en saco roto, porque moitas delas se teñen en conta, pero hai determinados consellos que os colle con certa cautela, porque aqueles dados en materia de emprego non son dende logo os máis acidos e porque tampouco o partido socialista non é o máis adecuado para dalos; quere, así mesmo, deixar claro que cre profundamente na xestión do goberno do Partido Popular en Galicia, e este grupo de goberno tamén intenta facer unha xestión equilibrada e intentando escapar das cuestións politizadas.

Di que tamén entende que ao grupo socialista lle parecera máis útil apostar por un Obradoiro de Emprego para maiores de 55 anos, querendo aclarar que el non dixo que fóra menos útil, senón que apostaba polo Obradoiro para menores de 25 anos, considerando máis axeitado para os maiores de 55 un Plan Integrado de Emprego, aínda que isto foi unha decisión técnica.

Para rematar, considera que este proxecto enviado para pedir o Obradoiro de Emprego é beneficioso para o noso concello; e tamén que este Obradoiro xunto dos outros plans de emprego sirvan para aliviar a situación laboral de moitos de nosos veciños e veciñas.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación rexeitándose a moción polos votos en contra do Partido Popular e a favor dos grupos do Partido Socialista, Móvete e Mixto (BNG).





**Expediente 809/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO DO PARTIDO SOCIALISTA POLA QUE PROPÓN ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA A ACTUALIZACIÓN DO MÓDULO AUTONÓMICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para explicar a moción presentada con data 19/02/2021, a cal se transcribe literalmente de seguido:

*“O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tornou nunha das principais áreas de gasto dos concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas un par de anos. É completamente incomprendible ao tratarse dunha competencia autonómica recollida expresamente no Estatuto de Autonomía de Galicia.*

*A Consellería de Política Social abona, en virtude dun convenio, 9,70 euros por hora de atención aos concellos. O prezo real do servizo está xa nuns 18 euros/hora e actualízase tódolos anos, mentres o módulo que paga a Xunta está conxelado dende 2016 e non coñeceu variacións substanciais dende a posta en marcha deste sistema en 2012. Os concellos, que xa absorberon integramente, o impacto da suba do Salario Mínimo Interprofesional en xaneiro do ano pasado, volven agora carrexar co impacto que supón a pandemia, que incrementou nun 18,48% o número de solicitantes de SAF.*

*A Xunta límitase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, increméntase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que “no mundo real” se encarece ano tras ano.*

*Os Orzamentos da Xunta para o 2021 asignan unha partida total de 83,6 millóns de euros para o SAF. A Xunta vén de recibir este mes de xaneiro 45 millóns de euros do Goberno do Estado para reforzar o sistema de dependencia e seguirá recibindo fondos adicionais nos dous próximos anos.*

*A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.*

*Despois do recorte do Goberno Rajoy de máis de 2.600 millóns acumulados entre os anos 2012 e 2018 no Sistema Nacional de Dependencia, o Goberno de España actual anunciou un Plan de Choque para revertir a situación, cunha inxección de 3.600 millóns de euros no trienio 2021-2023. A Xunta, que xa percibiu 45 millóns este ano, percibirá cantidades superiores nos dous próximos exercicios. Un paso adiante decisivo para avanzar na atención integral ás persoas dependentes en toda España e tamén para alcanzar o obxectivo de equidade de financiación entre Comunidades Autónomas e Estado.*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQ52P3SJT9WXS46W5 | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 30



*É o momento, por tanto, de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos.*

*Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que se adopten os seguintes ACORDOS:*

*Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a utilizar o financiamento extra de 45 millóns de euros que a Xunta vén de recibir do Estado para publicar canto antes no DOG a Orde da Consellería de Política Social pola que se actualiza o módulo do SAF que a Xunta paga aos concellos, cando menos a 12 euros por hora.*

*Segundo.- Comprometerse a seguir actualizando o módulo durante as anualidades de 2022 e 2023 ata alcanzar o 100% do custo real do servizo en prezos de mercado e acabar así coa asfixia económica aos concellos, que están xa ao límite das súas capacidades económicas.*

*Terceiro.- Liderar e facer posible un gran pacto con tódalas forzas políticas, a manter no futuro un sistema de prestación do SAF cofinanciado pola Xunta dun xeito xusto e equilibrado.*

*Cuarto.- Esixirlle á Xunta de Galicia a habilitación das horas de Servizo de Axuda no Fogar que soliciten os Concellos, posibilitando melloras na cobertura do servizo.”*

Continúa o Sr. López Bueno explicando que na Comisión Informativa á que foi sometida esta moción chegouse a un acordo unánime para modificar a proposta de acordos, aínda que a el lle houbera gustado que fora sometida a votación a súa moción sen que se modificase o seu texto e ver como os membros do Partido Popular votaban en contra como partido e non como grupo de goberno do Concello da Estrada; se embargo, polo ben da nosa veciñanza e porque esta vexa unha unidade dos grupos políticos á hora de loitar por este asunto, chegouse a un ditame unánime.

Intervén a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, reiterando o manifestado na Comisión Informativa, é dicir que o grupo de goberno está de acordo co fondo da moción, porque considera que o pagamento da Xunta de Galicia queda obsoleto ante as necesidades e a situación económica de os beneficiarios, ademais de ser un servizo básico da nosa sociedade, por iso, dende que e entrou a gobernar, duplicouse o seu orzamento que leva consigo un esforzo moi importante economicamente.

Quere agradecer ao grupo socialista que aceptara cambiar a redacción dos acordos incluídos na súa moción, a pesares do que dixo que lle gustaría non aceptar para ver como o grupo de goberno lle daba o lombo á súa proposta, e a este respecto quere dicir que os Servizos Sociais deste Concello nunca dou o lombo á prestación e á mellora do servizo de axuda no fogar, constándolle que se está a prestar de xeito eficiente e, sempre que se puido, foi pedíndose horas e melloras á Xunta de Galicia.

En canto ao tema do financiamento 100 % do servizo, solicitamos quitalo porque para adoptar ese acordo habería que, en primeiro lugar, modificación a Lei 36/2006; ademais, como xa dixo na Comisión, é esencial facer participar economicamente ás persoas beneficiarias nos servizos xa que só de esta maneira os valorarán máis; así mesmo, non está de acordo coa prestación do servizo a todos, senón que hai que facelo viable, e a súa prestación debe ser proporcional coa capacidade económica da persoa.

Finalmente, a reclamación de melloras no Servizo de Axuda no Fogar vai máis aló dun color político, senón que se trat dun dereito das persoas dependentes para ser atendidas dignamente nos seus fogares con persoal cualificado. Polo tanto, é importante dar imaxe de unidade e reitera







o agradecemento ao Partido Socialista por ceder na petición do cambio da redacción da súa moción. Tamén di que queda expectante á reacción da Xunta de Galicia a esta petición e así se expuxo que hai contactos coa FEGAMP e oxalá sexan eses 12,00 euros como mínimo, aínda que seguramente o Concello teña que facer algún tipo de esforzo.

Remata reiterando o apoio do grupo de goberno á moción nos termos que foi ditaminada na Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación.

Pide a palabra a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, para manifestar o apoio á moción nos termos redactados no ditame da Comisión Informativa, por considerar que o Servizo de Axuda no Fogar é básico e prioritario, ademais de resultar rendible para a Administración polo aforro de prazas en residencias e centros de días e, por iso, os obxectivos que debería ter toda administración é rematar as listas de agarda de demandantes do servizo.

Concédeselle a palabra á voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen traslada o seu apoio ao ditame da Comisión Informativa, ao igual que houbera apoiado a moción no seu texto orixinal, por considerar moi importante o financiamento do cento por cen do Servizo de Axuda no Fogar dende a administración pública, entendendo tamén as dificultades para poder facelo, pero hai que dar os pasos precisos para acadar este fin.

Di que considera que os dereitos teñen color político, porque, ao final, son as cores políticas quen lexislan os dereitos, sen embargo, agrádalle que neste asunto exista unha opinión conxunta e unitaria.

Intervén o **Sr. Alcalde** para reiterar que o seu grupo de goberno apoia o fondo da moción do grupo socialista, aínda que a súa redacción ten un certo “tono machista”, alegrándose de que se chegara a un punto de acordo entre todos os grupos políticos para demandar melloras neste servizo tan esencial para o noso concello e, a diferenza con Pedro Sánchez, tocar a terra e non o ceo, e afrontar os problemas e loitar por acadar financiamento en aras de beneficios para os nosos veciños e veciñas, e oxalá teñamos un presidente da FEMP que defenda unha vez por todas e reclame os intereses da administración local, porque está desexando poñerse ao carón dos presidentes da FEMP e da FEGAMP e así, por fin, teñamos un financiamento xusto á hora de facer fronte aos servizos non só propios senón tamén impropios como o de Axuda no Fogar.

Polo tanto, di que todo o que sexan reclamacións en aras de beneficiar servizos aos nosos cidadáns contarán co apoio do grupo de goberno, outra cousa é a forma na que presentan as propostas nos debates e que considera un pouco esaxeradas, quizais debido á costume de copiar mocións tipo dos propios partidos políticos en lugar de darlles un enfoque máis local.

Centrándose no obxecto do asunto a tratar, di que estamos a facer un esforzo enorme para darlle este Servizo de Axuda no Fogar aos nosos veciños cunha cualidade óptima mediante unha inversión local de 880.000 euros ao ano, sen embargo, na época bipartita estíbese pagando 440.000 € cando o número de usuarios e moi similar, cando a Xunta está a pagar o mesmo aínda que nos da 5.000 horas máis, pero iso supón que o Concello teña que pagar máis cos recursos propios para seguir prestando este servizo. Polo dito está de acordo en reclamar á Xunta máis investimento, sobre todo cando estamos a prestar un servizo impropio.

Pide a palabra o **Sr. Luís López Bueno** para dicir que cre que a esta moción se lle pode dicir moitas cousas, admitindo que a tonalidade na súa redacción non sexa a máis adecuada, pero







pídelle ao Sr. Alcalde que retire o cualificativo de “tono machista” porque, para empezar, non o ten.

Responde o **Sr. Alcalde** que para el si ten ese “tono”, unha moción que ten certo tono presidencial e que nun momento determinado “toca o ceo” e que, dende logo, está fóra de lugar. Polo tanto, non vai a retirar o dito e reitera a súa lelicia por chegar a un acordo unánime no tema que estamos a tratar fóra da redacción desafortunada da moción do grupo socialista na que se exalta a figura dun presidente e cun “toque machista”; ademais, se isto o houbera feito outro grupo de goberno non quere nin pensar ás reclamacións dos outros, habería un enorme debate.

O **Sr. López Bueno** pídelle que non frivolicice.

Finalmente, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo grupo municipal do Partido Socialista con data 19/02/2021 (2021-E-RCIB-1) que se transcribe literalmente de seguido:

*“O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tornou nunha das principais áreas de gasto dos concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas un par de anos. É completamente incomprendible ao tratarse dunha competencia autonómica recollida expresamente no Estatuto de Autonomía de Galicia.*

*A Consellería de Política Social abona, en virtude dun convenio, 9,70 euros por hora de atención aos concellos. O prezo real do servizo está xa nuns 18 euros/hora e actualízase tódolos anos, mentres o módulo que paga a Xunta está conxelado dende 2016 e non coñeceu variacións substanciais dende a posta en marcha deste sistema en 2012. Os concellos, que xa absorberon integramente, o impacto da suba do Salario Mínimo Interprofesional en xaneiro do ano pasado, volven agora carrexar co impacto que supón a pandemia, que incrementou nun 18,48% o número de solicitantes de SAF.*

*A Xunta límitase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, incrementase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que “no mundo real” se encarece ano tras ano.*

*Os Orzamentos da Xunta para o 2021 asignan unha partida total de 83,6 millóns de euros para o SAF. A Xunta vén de recibir este mes de xaneiro 45 millóns de euros do Goberno do Estado para reforzar o sistema de dependencia e seguirá recibindo fondos adicionais nos dous próximos anos.*

*A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a*





*idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas. Despois do recorte do Goberno Rajoy de máis de 2.600 millóns acumulados entre os anos 2012 e 2018 no Sistema Nacional de Dependencia, o Goberno de España actual anunciou un Plan de Choque para reverter a situación, cunha inxección de 3.600 millóns de euros no trienio 2021-2023. A Xunta, que xa percibiu 45 millóns este ano, percibirá cantidades superiores nos dous próximos exercicios. Un paso adiante decisivo para avanzar na atención integral ás persoas dependentes en toda España e tamén para alcanzar o obxectivo de equidade de financiación entre Comunidades Autónomas e Estado.*

*É o momento, por tanto, de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos.*

*Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCION, para que se adopten os seguintes ACORDOS:*

*Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a utilizar o financiamento extra de 45 millóns de euros que a Xunta vén de recibir do Estado para publicar canto antes no DOG a Orde da Consellería de Política Social pola que se actualiza o módulo do SAF que a Xunta paga aos concellos, cando menos a 12 euros por hora.*

*Segundo.- Comprometerse a seguir actualizando o módulo durante as anualidades de 2022 e 2023 ata alcanzar o 100% do custo real do servizo en prezos de mercado e acabar así coa asfixia económica aos concellos, que están xa ao límite das súas capacidades económicas.*

*Terceiro.- Liderar e facer posible un gran pacto con tódalas forzas políticas, a manter no futuro un sistema de prestación do SAF cofinanciado pola Xunta dun xeito xusto e equilibrado.*

*Cuarto.- Esixirlle á Xunta de Galicia a habilitación das horas de Servizo de Axuda no Fogar que soliciten os Concellos, posibilitando melloras na cobertura do servizo.”*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, na sesión celebrada o 25/02/2021.

Visto o debatido nesta sesión,

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Instar á Xunta de Galicia, atendendo aos fondos aportados polo estado como as fondos establecidos nos presupostos da Xunta, que se formalice un Convenio coa FEGAMP para a actualización do módulo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) que a Xunta paga aos Concellos, acadando un precio como mínimo de 12,00 euros/hora.

**Segundo.-** Instar á Xunta Galicia a actualizar o módulo durante os anos vindeiros ata alcanzar unha porcentaxe do servizo en prezos de mercado que sexa máis axustado ao precio de mercado que faga que prestación do servizo de SAF non supoña unha asfixia económica para os Concellos, e poder chegar a masi usuarios e as súas familias.

**Terceiro.-** Instar ás forzas política con representación no Parlamento Galego a facer posible un gran pacto a fin de manter un sistema de prestación do SAF cofinanciado polas distintas administracións dun xeito xusto e equilibrado.

#### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQ52PSSJY19WXS46W5 | Corrección: https://aeestrada.sectelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 30



**Cuarto.-** Instar á Xunta de Galicia para que habilite as horas do Servizo de Axuda no Fogar que soliciten os Concellos, posibilitando así melloras na súa cobertura.

**Expediente 819/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS REDACTADA CON MOTIVO DO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER".**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, para confirmar que neste asunto chegouse a un acordo unánime para elaborar conxuntamente unha moción con motivo da celebración o vindeiro 8 de marzo o “Día Internacional da Muller”, polo que quere agradecer as aportacións feitas polos outros grupos municipais.

Antes de nada quere advertir da existencia dun erro na transcripción do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación en relación con este asunto, erro que afecta á copia da moción conxunta, xa que a recollida no ditame é a do ano 2019 e non a elaborada este ano; a este respecto puxo a disposición dos voceiros dos grupos políticos e do departamento de Secretaría a moción verdadeira.

Procede a dar lectura á moción conxunta (corrixida) e que se transcribe de seguido:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.*

*As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión.*

*O impacto de xénero da COVID-19, ou como a crise ocasionada pola COVID-19 lle afecta de xeito diferente a mulleres e a homes ten sido analizado por distintos organismos, internacionais, nacionais e tamén autonómicos, como a OIT, a ONU, a OCDE, a UE, o IMIO, a Universidade de Vigo e a Consellería de Emprego e Igualdade, entre moitos outros. Todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre homes e mulleres e que a resposta á crise debe incorporar o enfoque de xénero para que non se incrementen as desigualdades xa existentes.*

*Destacan todos os informes o rol das mulleres na xestión da pandemia. Segundo a ONU, as mulleres desempeñan un papel imprescindible na loita contra a COVID-19: como principais coidadoras nos fogares, nas redes familiares e os espazos comunitarios, traballadoras e profesionais no sector da saúde, sobre representadas nos servizos de limpeza, traballadoras domésticas e en servizos básicos (como supermercados e farmacias). As tarefas de coidado dentro dos fogares están a recaer maioritariamente nas mulleres, que, polo xeral, teñen a responsabilidade de atender a familiares enfermos, persoas maiores e dependentes e nenos e nenas.*

*Indica o IMIO a nivel nacional, que as mulleres seguen realizando a maior parte do traballo doméstico e de coidado de persoas dependentes, remunerado e non remunerado, asumindo*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQ52PSSJY79WXS46W5 | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 30



*tamén unha maior carga mental derivada da mesma.*

*Por iso, hoxe fixamos a mirada especialmente sobre aquelas que sofren unha maior precariedade, as mulleres que por posición social e vital necesitan das políticas públicas, dos recursos do estado e das institucións.*

*Necesitamos políticas dirixidas a pechar as moitas brechas que nos quedan aínda pendentes como a laboral e salarial, a fenda dixital ou a brecha de corresponsabilidade. Actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade. Actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade e a corrixir as situacións de desigualdade das mulleres dende o ámbito rural ao investigador e tecnolóxico. Porque ningún deles son estancos, e só abordándoos transversalmente poderemos deseñar os mecanismos certos par acabar coa desigualdade.*

*Un dos grandes retos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.*

*É indubidable que a plena igualdade no ámbito laboral só será posible se existe unha asunción equitativa do traballo doméstico e de coidados no ámbito do fogar. Temos que apostar por un modelo de sociedade corresponsable no que homes e mulleres compartan de maneira equilibrada responsabilidades domésticas e familiares, no marco do necesario cambio cultural en torno aos usos do tempo. É necesario impulsar a concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais, así como reforzar os recursos destinados á conciliación da vida laboral, persoal e familiar.*

*As empresas, pola súa banda, introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación. O xeito de facelo de xeito voluntario é un claro indicador da vontade de traballar en prol da igualdade pero tamén da asunción dos efectos positivos destas medidas sobre o propio clima laboral da empresa e sobre os seus resultados*

*Outra importante transformación que é estrutural, e que será tamén imprescindible de cara a conseguir a conciliación real, é o cambio na xestión global dos tempos. Isto pasa por facer fronte ao necesario debate da racionalización horaria a nivel global, buscando un novo pacto social de xestión racional e xusta dos tempos entre a cidadanía, o ámbito da empresa privada e a administración.*

*As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Nun paso máis alá, está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.*

*Se un dos camiños que conducen ao emprego de calidade e ao benestar social son as políticas de conciliación, outro non menos importante é o da formación e o coñecemento. Precisamente pola inxusta distribución da responsabilidade da conciliación, moitas mulleres viron e aínda ven dificultada a súa inserción no mercado laboral e tamén as súas posibilidades de formación e desenvolvemento.*

*É fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de*



*igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia. Para iso, ademais da aplicación de políticas específicas, resulta imprescindible seguir traballando para eliminar os estereotipos e roles que sustentan a desigualdade de xénero.*

*A manifestación máis cruel e da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero.*

*A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.*

*Para iso necesítase un consenso institucional, político e social que mostre, sen fisuras, o compromiso de todas as institucións coa sociedade para alcanzar os acordos que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.*

*Polo exposto, os grupos integrantes do Pleno do Concello de A Estrada presenta a seguinte:*

### **PROPOSTA DE ACORDO**

#### **1.- Instar ao Goberno do Estado a:**

- *Á aplicación Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres, dotando e incrementando de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.*
- *A modificación e actualización da Lei de Conciliación e Corresponsabilidade de 1999 tendo en conta a nova realidade demográfica, a racionalización horaria e favorecendo a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.*

#### **2. Instar á Xunta de Galicia a:**

- *Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero, dentro do Plan de Corresponsables posto en marcha polo Estado.*
- *Fomentar, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do Diálogo Social, a aprobación de novas medidas que alenten a corresponsabilidade e a conciliación, a través de Plans específicos, incentivando no ámbito laboral novas modalidades de traballo flexibles, promovendo que estas se desenvolvan tamén polos homes, e artellando medidas que garantan a compatibilidade entre teletraballo e conciliación, así como o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero, e todo isto dentro do contexto da situación actual de pandemia .*
- *Realizar un Plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.*
- *A redacción e aprobación o mais axiña posible dun novo Plan Estratexico de Galicia para a Igualdade de oportunidades 2020 /2024*
- *Manter e apoiar o programa de promoción da Igualdade e Prevencións da violencia de xénero en colaboración coas entidades locais*

#### **3. Que goberno municipal adopte as seguintes medidas:**





- *Fomentar, en colaboración coa Asociacións de Empresarios e Empresarias local, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.*
- *Realizar un Plan de Sensibilización Municipal de concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.*
- *Ter en conta na elaboración de calquera medida municipal, en calquera dos seus ámbitos competencias, a denominada “interseccionalidade”.*
- *Facer un recoñecemento dende esta Corporación Municipal ao traballo e implicación das mulleres en servizos e actividades esenciais, actividades algunha delas, non valoradas socialmente, e que nesta situación de pandemia estiveron en primeira liña, atendendo e cubrindo necesidades ao resto da sociedade e colectivos.*
- *Así o noso recoñecemento ás traballadoras do sector alimentario, dependentas, limpadoras, coidadoras de persoas vulnerables tanto no ámbito familiar como profesional, voluntarias, así como ás muller traballadoras en profesións do sector sanitario, farmacéutico, de emerxencias, de corpos e forzas de seguridade, pola súa implicación tanto persoal como profesional na loita contra as consecuencias desta pandemia.”*

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, agradecendo a participación activa de todos os grupos políticos municipais á hora de redactar a nomeada moción.

Volvendo a manifestación feitas anteriormente por lo Sr, Alcalde no punto anterior, di que este cando tachou de “machista” se refería ao manifesto que presentou o grupo socialista para esta moción e non para a moción tratada anteriormente, porque nesa Pedro Sánchez non sae para nada. En todo caso quere facer unha serie de puntualización ás aportacións que se fixo por parte do seu grupo para a redacción da actual proposta, aínda que está de acordo coa moción conxunta e que apoiará sen miramentos, pero o grupo socialista pedía unha serie de cuestións que lle parecía importantes á hora de esixir á Xunta de Galicia determinadas actuacións, a primeira delas era corrixir o recorte de 500.000 € que se fixo no ano 2021 para a Xunta de Galicia con destino aos programas de acción para a programación da igualdade e, ademais, corrixir o informe do impacto do 2019 no mercado laboral galego para incluír a perspectiva de xénero, porque non se inclúe a separación por xénero do impacto da pandemia no mercado laboral, parecéndolle importante que figure no debate desta moción ao considerar que a moción que se vai a aprobar é suficientemente representativa do sentir desta corporación, ademais de asumirse certos compromisos por parte da administración local. Así mesmo lle gustaría resaltar a referencia que se fai a este último ano de pandemia, ás mulleres traballadoras que prestaron os seus servizos para facer máis levadeira esta situación.

Intervén a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, para manifestar a súa conformidade con esta moción conxunta.

A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, traslada o seu voto a favor da aprobación da moción a tratar, sen embargo lle gustaría engadir unha reflexión, di que para o seu grupo o 8 de marzo non soamente o Día da Muller, senón que é o Día da Muller Traballadora, no que se promove cando nas mobilizacións polos dereitos da muller a finais do século XIX e principios do XX , aínda que ao Sr. Alcalde non lle importe demasiado, no mes de marzo unha serie de mulleres fosen asasinadas (queimadas vivas) nunha fábrica en Chicago mentres estaban reclamando melloras salariais e diminución de horas laborais. Di que o facer esta puntualización débese a que, ano tras ano, estanse a aprobar mocións que lle parecen un paripé, porque non







melloran as condicións que se están a reclamar e tampouco se están a acadar dereitos cando eses mesmos non se poden levar a cabo porque moitas mulleres non se atreven a pedilos por medio a que se lles aplique un despido, como é o caso da conciliación. Di que, en relación coas diferenzas salariais, estamos a ver que estas non diminúe, existindo moitas mulleres precarizadas e, cando remate a pandemia, o seguirán estando salarialmente; polo que lle parece moi ben aprobar todas as mocións do mundo, pero o proposto nelas tense que levar a cabo e non é así, dándolle pena que o vindeiro ano, nestas datas, aprobarase outra moción e as mulleres máis precarizadas continuarán exactamente igual que agora. Polo manifestado, considera que o 8 de marzo ten que todos os días do ano, non estando de máis que apoiásemos as reclamacións do autofeminismo organizado que o día 8 vai a saír á rúa pedindo que o vindeiro ano todo o que se está a reivindicar sexa un pouquiño máis livián.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, en sesión celebrada o 25/02/2021, na que se aproba unha moción conxunta entre todos os grupos políticos municipais con motivo da celebración o vindeiro 8 de marzo do "Día Internacional da Muller".

Visto o debatido nesta sesión e as correccións feitas aos erros na transcripción da Moción Conxunta no ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, en sesión celebrada o 25/02/2021.

Vista a Moción Conxunta de todos os grupos políticos municipais con motivo da celebración o vindeiro 8 de marzo do "Día Internacional da Muller" que se transcribe literalmente de seguido:

#### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.*

*As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión.*

*O impacto de xénero da COVID-19, ou como a crise ocasionada pola COVID-19 lle afecta de xeito diferente a mulleres e a homes ten sido analizado por distintos organismos, internacionais, nacionais e tamén autonómicos, como a OIT, a ONU, a OCDE, a UE, o IMIO, a Universidade de Vigo e a Consellería de Emprego e Igualdade, entre moitos outros. Todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre homes e mulleres e que a resposta á crise debe incorporar o enfoque de xénero para que non se incrementen as desigualdades xa existentes.*

*Destacan todos os informes o rol das mulleres na xestión da pandemia. Segundo a ONU, as mulleres desempeñan un papel imprescindible na loita contra a COVID-19: como principais coidadoras nos fogares, nas redes familiares e os espazos comunitarios, traballadoras e profesionais no sector da saúde, sobre representadas nos servizos de limpeza, traballadoras domésticas e en servizos básicos (como supermercados e farmacias). As tarefas de coidado dentro dos fogares están a recaer maioritariamente nas mulleres, que, polo xeral, teñen a responsabilidade de atender a familiares enfermos, persoas maiores e dependentes e nenos e nenas.*





*Indica o IMIO a nivel nacional, que as mulleres seguen realizando a maior parte do traballo doméstico e de coidado de persoas dependentes, remunerado e non remunerado, asumindo tamén unha maior carga mental derivada da mesma.*

*Por iso, hoxe fixamos a mirada especialmente sobre aquelas que sofren unha maior precariedade, as mulleres que por posición social e vital necesitan das políticas públicas, dos recursos do estado e das institucións.*

*Necesitamos políticas dirixidas a pechar as moitas brechas que nos quedan aínda pendentes como a laboral e salarial, a fenda dixital ou a brecha de corresponsabilidade. Actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade. Actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade e a corrixir as situacións de desigualdade das mulleres dende o ámbito rural ao investigador e tecnolóxico. Porque ningún deles son estancos, e só abordándoos transversalmente poderemos deseñar os mecanismos certos para acabar coa desigualdade.*

*Un dos grandes retos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.*

*É indubidable que a plena igualdade no ámbito laboral só será posible se existe unha asunción equitativa do traballo doméstico e de coidados no ámbito do fogar. Temos que apostar por un modelo de sociedade corresponsable no que homes e mulleres compartan de maneira equilibrada responsabilidades domésticas e familiares, no marco do necesario cambio cultural en torno aos usos do tempo. É necesario impulsar a concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais, así como reforzar os recursos destinados á conciliación da vida laboral, persoal e familiar.*

*As empresas, pola súa banda, introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación. O xeito de facelo de xeito voluntario é un claro indicador da vontade de traballar en prol da igualdade pero tamén da asunción dos efectos positivos destas medidas sobre o propio clima laboral da empresa e sobre os seus resultados*

*Outra importante transformación que é estrutural, e que será tamén imprescindible de cara a conseguir a conciliación real, é o cambio na xestión global dos tempos. Isto pasa por facer fronte ao necesario debate da racionalización horaria a nivel global, buscando un novo pacto social de xestión racional e xusta dos tempos entre a cidadanía, o ámbito da empresa privada e a administración.*

*As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Nun paso máis alá, está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.*

*Se un dos camiños que conducen ao emprego de calidade e ao benestar social son as políticas de conciliación, outro non menos importante é o da formación e o coñecemento. Precisamente pola inxusta distribución da responsabilidade da conciliación, moitas mulleres viron e aínda ven dificultada a súa inserción no mercado laboral e tamén as súas posibilidades de formación e desenvolvemento.*

*É fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en*





*todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia. Para iso, ademais da aplicación de políticas específicas, resulta imprescindible seguir traballando para eliminar os estereotipos e roles que sustentan a desigualdade de xénero.*

*A manifestación máis cruel e da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero.*

*A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.*

*Para iso necesítase un consenso institucional, político e social que mostre, sen fisuras, o compromiso de todas as institucións coa sociedade para alcanzar os acordos que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.*

*Polo exposto, os grupos integrantes do Pleno do Concello de A Estrada presenta a seguinte:*

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

##### **1.- Instar ao Goberno do Estado a:**

- *Á aplicación Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres, dotando e incrementando de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.*
- *A modificación e actualización da Lei de Conciliación e Corresponsabilidade de 1999 tendo en conta a nova realidade demográfica, a racionalización horaria e favorecendo a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.*

##### **2. Instar á Xunta de Galicia a:**

- *Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero, dentro do Plan de Corresponsables posto en marcha polo Estado.*
- *Fomentar, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do Diálogo Social, a aprobación de novas medidas que alenten a corresponsabilidade e a conciliación, a través de Plans específicos, incentivando no ámbito laboral novas modalidades de traballo flexibles, promovendo que estas se desenvolvan tamén polos homes, e artellando medidas que garantan a compatibilidade entre teletraballo e conciliación, así como o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero, e todo isto dentro do contexto da situación actual de pandemia .*
- *Realizar un Plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.*
- *A redacción e aprobación o mais axiña posible dun novo Plan Estratexico de Galicia para a Igualdade de oportunidades 2020 /2024*
- *Manter e apoiar o programa de promoción da Igualdade e Prevencións da*



*violencia de xénero en colaboración coas entidades locais*

3. Que goberno municipal adopte as seguintes medidas:

- *Fomentar, en colaboración coa Asociacións de Empresarios e Empresarias local, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.*
- *Realizar un Plan de Sensibilización Municipal de concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.*
- *Ter en conta na elaboración de calquera medida municipal, en calquera dos seus ámbitos competencias, a denominada “interseccionalidade”.*
- *Facer un recoñecemento dende esta Corporación Municipal ao traballo e implicación das mulleres en servizos e actividades esenciais, actividades algunha delas, non valoradas socialmente, e que nesta situación de pandemia estiveron en primeira liña, atendendo e cubrindo necesidades ao resto da sociedade e colectivos.*
- *Así o noso recoñecemento ás traballadoras do sector alimentario, dependentas, limpadoras, coidadoras de persoas vulnerables tanto no ámbito familiar como profesional, voluntarias, así como ás muller traballadoras en profesións do sector sanitario, farmacéutico, de emerxencias, de corpos e forzas de seguridade, pola súa implicación tanto persoal como profesional na loita contra as consecuencias desta pandemia.”*

Ante o anterior, **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Instar ao Goberno do Estado a:

- *Á aplicación Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres, dotando e incrementando de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.*
- *A modificación e actualización da Lei de Conciliación e Corresponsabilidade de 1999 tendo en conta a nova realidade demográfica, a racionalización horaria e favorecendo a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.*

**Segundo.-** Instar á Xunta de Galicia a:

- *Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero, dentro do Plan de Corresponsables posto en marcha polo Estado.*
- *Fomentar, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do Diálogo Social, a aprobación de novas medidas que alenten a corresponsabilidade e a conciliación, a través de Plans específicos, incentivando no ámbito laboral novas modalidades de traballo flexibles, promovendo que estas se desenvolvan tamén polos homes, e artellando medidas que garantan a compatibilidade entre teletraballo e conciliación, así como o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a*



mulleres en situación de violencia de xénero, e todo isto dentro do contexto da situación actual de pandemia.

- Realizar un Plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.
- A redacción e aprobación o mais axiña posible dun novo Plan Estratégico de Galicia para a Igualdade de oportunidades 2020 /2024
- Manter e apoiar o programa de promoción da Igualdade e Prevencións da violencia de xénero en colaboración coas entidades locais-

**Terceiro.-** Que o goberno municipal adopte as seguintes medidas:

- Fomentar, en colaboración coa Asociacións de Empresarios e Empresarias local, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.
- Realizar un Plan de Sensibilización Municipal de concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.
- Ter en conta na elaboración de calquera medida municipal, en calquera dos seus ámbitos competencias, a denominada “interseccionalidade”.
- Facer un recoñecemento dende esta Corporación Municipal ao traballo e implicación das mulleres en servizos e actividades esenciais, actividades algunha delas, non valoradas socialmente, e que nesta situación de pandemia estiveron en primeira liña, atendendo e cubrindo necesidades ao resto da sociedade e colectivos.
- Así o noso recoñecemento ás traballadoras do sector alimentario, dependentas, limpadoras, coidadoras de persoas vulnerables tanto no ámbito familiar como profesional, voluntarias, así como ás muller traballadoras en profesións do sector sanitario, farmacéutico, de emerxencias, de corpos e forzas de seguridade, pola súa implicación tanto persoal como profesional na loita contra as consecuencias desta pandemia.

O **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos municipais quere presentar unha moción de urxencia a tratar nesta parte resolutiva da orde do día; non habendo, procédese a tratar os asuntos incluídos na parte de Actividade de Control.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Expediente 423/2021. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2021-0141 POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2020.**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 17/02/2021, en relación co asunto

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





que se trata de seguido.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2021-0141, do 9 de febreiro, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento do exercicio 2020.

Visto o informado pola Intervención municipal con data do 09/02/2021 sobre a tramitación do expediente de Liquidación do Orzamento.

E de conformidade co establecido no art. 90.2 do R.D. 500/1990 e 174.4 da L.R.F.L.

**DÁSE CONTA:**

Do Decreto da Alcaldía nº 2021-0141, do 9 de febreiro, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento municipal 2020.

**Expediente 2778/2019. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DO CESE NA DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DE TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRO DELEGADO DE OBRAS E SERVIZOS NO MEDIO RURAL, CULTURA E MEDIO AMBIENTE.**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 16/02/2021, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto acordo plenario de data 21 de xuño de 2019, polo que se recoñece e aproba a dedicación exclusiva para o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde e delegado das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Obras e Servizos no Medio rural, Cultura e Medio Ambiente, establecéndose a contía a percibir polo 100% da dedicación exclusiva.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2019-0765, de 5 de xullo, polo que se determina que a dedicación exclusiva acordada na devandita sesión plenaria corresponde a D. Juan M. Constenla Carbón.

Visto o escrito presentado con data 02/02/2021 (registro de entrada 2021-E-RC-915) polo Primeiro Tenente de Alcalde D. Juan M. Constenla Carbón, polo que renuncia, con efectos 01/01/2021, á dedicación exclusiva recoñecida para o seu cargo, por razón do seu nomeamento como Deputado pola circunscrición electoral de Pontevedra no Parlamento de España.

Vista a credencial de Deputado expedida con data 01/02/2021 a nome do Sr. Constenla Carbón pola Xunta Electoral Central.

Vista a resolución da Tesourería Xeral da Seguridade Social de recoñecemento de baixa con efectos de 1 de febreiro de 2021 no Réxime Xeral de D. Juan M. Constenla Carbón, como traballador no Concello da Estrada.

Visto o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 13 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

**DÁSE CONTA:**

Do cese, con efectos 1 de febreiro de 2021, da dedicación exclusiva para o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde e delegado das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Obras e Servizos no Medio Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente, recoñecida para D. Juan M. Constenla Carbón.

**DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQS2PSSJY19WXS46W5 | Corrección: https://aeestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 de 30





## COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 26 DE FEBREIRO DE 2021 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e o 26 de febreiro de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-101 ao número 2021-0228 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, preguntando ao Concelleiro D. Juan M. Constenla Carbón se coñece a existencia dun desaugue na Avda de Pontevedra, na parte máis superior e que vai a dar á parte de atrás dunhas casas, e que en teoría recolle pluviais, pero despois o desenvolverá con máis detalle.

Traslada a queixa de veciños da Rúa Serafín Pazo, porque despois da súa peonalización aínda seguen transcorrendo vehículos por ela, preguntando se dende o Concello se ten prevista algunha actuación para evitar este feito.

Responde o **Sr. Alcalde** que é sabedor de estas infraccións e se están a buscar solucións para a zona de aparcamento en batería que hai na Praza da Constitución (ao comezo da rúa Serafín Pazo), porque moitos vehículos aparcados nesa zona aproveitan para saír mediante esta rúa; tamén se está a estudar xunto coa Policía Local unha solución que permita soamente o acceso aos garaxes. Aclara que se está a esperar a rematar o aparcadoiro ao carón do Teatro Principal para eliminar esa zona e deixalo preferentemente para uso de carga e descarga.

Continúa o **Sr. López Bueno**, en relación coa colocación de terrazas de bares e que dificultan o paso das persoas con mobilidade reducida polas beirarrúas, pregando ao grupo de goberno a que intenten buscar unha solución satisfactoria para todas as partes.

Refiríndose á estrada que vai pola parte de atrás de Martínez Otero e en dirección ao Alto da Cruz, pide que sexa arranxada polo mal estado no que se atopa.

Así mesmo, en relación cun terraplén existente sobre unha estrada de Loimil, sabe que foi arranxado, sen embargo volveu a caer, polo que prega que se proceda á retirada do escombros da nomeada estrada.

O **Sr. Alcalde**, no relativo á problemática das terrazas, informa que hoxe tivo unha reunión coa Policía local, Garda Civil e hostaleiros aos efectos de homoxeneizar as medidas que hai que adoptar con motivo do COVID-19, existindo a queixa dunha persoa que se sente agraviada por non poder circular pola vía pública e, por tal motivo, hoxe fíxose un escrito que empezará a notificar a Policía Local polo que se insta aos locais responsables das terrazas para que se adapten ao espazo que teñen e que cumpran coa obriga que teñen de deixar un 80% do espazo libre nas beirarrúas para a circulación das persoas con cadeiras de rodas, carriños de merca ou de bebés. Así mesmo informa das medidas tomadas nos locais en relación cos aforos de persoas, mesas e cadeiras.

En canto ao resto dos rogos, di que se recollen e se terán en conta.

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7P2S2FYQ52PSSJY79WXS46W5 | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 30

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, para pedir, en primeiro lugar, que sexa sinalizada a zona de nacemento do río Liñares (en Parada, ao carón do Camiño dos Arrieiros, zona próxima á estrada que vai a Rivela) por ser de intereses turístico.

Traslada a necesidade de arranxar esa zona, por onde transcorre este camiño de Santiago, por estar en bastante mal estado, sobre todo a parte que vai cara a Codeseda, porque cada vez que chove sofre de inundacións dificultando o paso dos peregrinos.

Traslada as queixas de varios veciños pola existencia de plantacións ilegais de eucaliptos en terreos de labranza e en zonas achegadas a núcleos de poboación non respetando a distancia ás vivendas, polo que prega que se vele polo cumprimento da normativa e que haxa unha maior vixilancia. Fai referencia a unha reclamación presentada no ano 2019 por veciños de Constenla - Nigoi sobre o tema do que está a falar, pedindo que se lles conteste e se poña esta reclamación en coñecemento das autoridades competentes.

En relación coas reclamacións presentadas por veciños no rexistro de entrada do Concello, lembra que existe un prazo de tres meses para darlles contestación ou trámite (segundo establece a Lei 39/2015), polo que prega que se faga cumprimento desta obriga, porque é consciente que, en moitos casos, non se está a facer.

No relativo ao Servizo de Axuda no Fogar, lembra que fai uns meses presentou por escrito unha serie de datos para obter información sobre a lista de agarda de persoas valoradas como dependentes e as que non e que están á espera de recibir o dito servizo, preguntando cando se lle facilitaría dita información.

O **Sr. Alcalde** di que se informará sobre esta solicitude para darlle resposta. En canto aos escritos presentados por rexistro de entrada, descúlpase dicindo que son centos os escritos diarios que entra na nosa administración e é moi difícil dar contestación a todos eles e por iso temos que priorizar, en todo caso soe darlle unha contestación, non sempre por escrito; reconece que é unha cuestión mellorable, pero a día de hoxe é imposible por parte dos servizos municipais.

No referente ao tema dos eucaliptos, di que é sabedor da existencia de plantacións ilegais e, neses casos, actúase dándolle traslado á Consellería de Medio Rural, a cal incoa expediente sancionador cos trámites oportunos, incluíndo multa coercitiva.

En canto ao Camiño do Arrieiro, di que se fixo unha actuación importante o ano pasado, investindo 20.000 euros na recuperación do nomeado camiño; unha das liñas que se teñen programadas este ano na estratexia de desenvolvemento urbano é a de "Turismo Verde", dentro da que se está a valorar facer unha aposta polas dúas variantes, unha delas a de Forcarei que ven de Codeseda, e que mellorará o noso camiño de Santiago, tanto a súa contorna, a sinalización, facer campaña de dinamización, etc. Reconece que a gran parte deste camiño está en boas condicións, sen embargo a parte que percorre por Pardemarín está en peor estado e aí é onde hai que facer máis actuacións, por iso é importante recorrer á liña nomeada anteriormente. En referencia a súa sinalización, vai incluído dentro dun proxecto de toponimia que está en marcha e que presenta un orzamento de 700.000 euros, o cal se poderá executar por fase, unha delas a sinalización do Camiño dos Arrieiros.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna Susana Camba Castro**, preguntando se por parte do Concello se está a facer un censo de edificios con perigo de derrube

Contesta o **Sr. Alcalde** que si.

A **Sra. Camba Castro** pregunta como vai a súa redacción, porque é coñecedora da





existencia dalgúns edificios no centro do casco urbano en mala situación cun perigo de desprendemos de elementos das súas fachadas.

O **Sr. Alcalde** lle informa que se fixo un traballo de campo por parte do departamento municipal de Urbanismo sobre aquelas edificacións que podían ter un problemas estrutural, moitos deles identificados por denuncias veciñais e outros por iniciativa do propio Concello, tendo en este momento identificadas pouco máis de trescentas edificacións. Continúa dicindo que, despois de elaborar esta lista, procede á apertura dun expediente de disciplina urbanística por cada unha destas edificacións e nesta liña estamos a traballar, pero hai que recoñecer que o departamento de Urbanismo está ao límite, entón temos que pensar na posibilidade de contratar axuda externa, porque dentro duns anos pódese orixinar un problema importante en seguridade.

Pregunta a **Sra. Camba Castro** sobre o estado no que está a tramitación da retirada de vehículos abandonados na rúa, porque existen varios coches abandonados na nosa vila, por exemplo en Matalobos, na rúa Manuel de la Calle, etc., producindo inseguridade e sensación de degradación da contorna.

Contesta o **Sr. Alcalde** que a Policía Local ten a través dun programa conexión directa con Tráfico aos efectos de identificar o último propietario do vehículo abandonado e, a parte, temos subscrito un Convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra para a retirada destes vehículos abandonados; sen embargo temos problemas á hora da tramitación administrativa, porque hai moitos trámites ante tráfico (identificación propietario, se hai embargo, etc), despois hai que publicar no Boletín Oficial (cun trámite que se dilata meses) e, ao final, o que hai que acadar é a baixa do vehículo na Dirección Xeral de Tráfico, a cal a fai o propietarios ou ben seguir un procedemento que se dilata moito no tempo. Di que o departamento de Urbanismo está a traballar neste tema xunto coa Policía Local para buscar alternativas que permitan axilizar o procedemento.

Continúa a **Sra. Camba Castro** pedindo que se arranxe o camiño que entra no Supermercado DIA pola parte de atrás

O **Sr. Alcalde** di que toma nota, aínda que ten dúbida de que se sexa público, o comprobará.

A **Sra. Camba Castro** prega que se arranxe a beirarrúa saíndo tamén do supermercado DIA, onde hai un tramo que se corta, non entendendo porque non se seguiu coa beirarrúa nese tramo en concreto, sendo un perigo para as persoas que por alí pasan, porque no inverno obriga a que circulen polo arcén.

O **Sr. Alcalde** di que o comprobará e intentará interceder con Fomento para ver que actuacións se poden facer.

Pregunta a **Sra. Camba Castro** se hai previsión de cando se van a empezar as obras de mantemento da Avda de Santiago, da rúa 25 de Xullo e doutras que están dentro xa dun Plan.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que están incluídas no Plan da Asfaltado 2021 da Deputación Provincial, fai dúas semanas remitíronse a este organismo os proxectos cos informes favorables, estando agora que a Deputación os aprobe na súa Xunta de goberno e efectúe a tramitación pertinente, supoñendo que nos vindeiros meses de xullo e agosto podemos xa comezar estas actuacións, mentres tanto o equipo de mantemento viario está a facer traballos para que, polo menos, eses viais estean





transitables.

A **Sra. Camba Castro** di que hai outra rúa que tamén está nunhas condicións lamentables, trátase a de Caño Sifón, polo que necesita dunha pronta actuación.

O **Sr. Alcalde** di que o revisará.

Remata a **Sra. Camba Castro** di que publicouse no BOP a resolución sobre a cesión dos terreos para a ampliación do cemiterio de Ribeira, observando a existencia dun erro na redacción da publicación, porque pon que foi acordo unánime do Pleno, sen embargo o BNG votou en contra, polo que pregunta se se pode corrixir.

O **Sr. Alcalde** di que se revisará.

Non habendo máis intervencións polos membros dos grupos políticos municipais e ante a non asistencia de público a esta sesión procédese a levantar a sesión, sendo as vinte e dúas horas trinta e sete minutos do día do seu comezo.

---

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións. De todo o anterior faise cumprimento.*

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 7P2S2FYQ52PSSJY79WXS46W5 | Corrección: <https://aeistrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 30

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233